

## **RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXP. PTG 2/2009 “SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN, TECNÓPOLE II E RECINTO DO PARQUE”**

En data 17 de marzo de 2009 e con base nas puntuacións obtidas, o Órgano de Contratación adxudicou provisionalmente á empresa EULEN S.A. o contrato con número de expediente PTG 2/2009 “Servizos de mantemento dos edificios Centro de Empresas e Innovación, Tecnópole II e recinto do Parque”

Esta adxudicación provisional foi notificada á empresa adxudicataria e aos licitadores, ademais de ser publicada no Perfil do Contratante da páxina web [www.tecnopole.es](http://www.tecnopole.es).

A empresa EULEN S.A., procedeu a presentar en prazo a documentación requirida segundo se establece no correspondente prego de condicións.

Tendo en conta as consideracións anteriores, o Órgano de Contratación RESOLVE:

- 1) Elevar a definitiva a resolución de adxudicación provisional do 17 de marzo de 2009, pola que se adxudica á empresa EULEN S.A. o contrato “Servizos de mantemento dos edificios Centro de Empresas e Innovación, Tecnópole II e recinto do Parque” conforme á súa oferta por importe de 31.786,88 € (IVE incluído) e con suxección ás condicións do Prego de Cláusulas Particulares que rexe a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación definitiva no Perfil do Contrante da web [www.tecnopole.es](http://www.tecnopole.es) e notificar esta adxudicación á empresa adxudicataria e aos licitadores.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución aos licitadores.

San Cibrao das Viñas, 6 de abril de 2009.